



Concello
de Nigrán

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS
OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DOS
CEMITERIOS MUNICIPAIS**

**ARTIGO 3. – SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos obrigados ao pago da taxa os contrainentes, que quedan obrigados solidariamente.

ARTIGO 4. – CUOTA TRIBUTARIA.

O importe a abonar por cada matrimonio civil será de 105,00 euros.

ARTIGO 5. – EXENCIONS E BONIFICACIONES.

Non se concederá ningunha exención nen bonificación na exacción da taxa.

ARTIGO 6. – DEVENGO E INGRESO.

Devéngase a taxa no momento de presentación no rexistro xeral do Concello da solicitude de celebración de cada matrimonio civil.

No suposto de que, con posterioridade á presentación da solicitude e antes da fixación da data para a celebración do matrimonio civil, os solicitantes desistan documentalmente da celebración, procederase de oficio á devolución do 50 por 100 da cuota tributaria.

ARTIGO 7. – INFRACCIONS E SANCIONS.

En todo o referido á calificación de infraccions tributarias, así como das sancions que en cada caso correspondan, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria.

ARTIGO 8. – NORMAS DE XESTIÓN.

Os matrimonios civís celebraranse na Casa do Concello os vernos e sábados desde as 10,00 horas até as 14,00 horas.

ARTIGO 9. – ENTRADA EN VIGOR.

Esta ordenanza entrará en vigor, e comezará a aplicarse, o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia; permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN
DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS.****ARTIGO 1. – FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúen o feito imponible desta taxa os servizos que se presten nos cemiterios municipais de Nigrán e Parada:

- a) Concesións dos nichos e cinseiros, así como as renovacións de ditas concesións nos termos da ordenanza.
- b) Expedicións de títulos de parcelas, panteóns, nichos e cinseiros; e expedición dos duplicados dos expresados títulos.
- c) Expedicións de autorizacións para transmisións das concesións de parcelas, panteóns, nichos e cinseiros entre particulares.
- d) Expedición de licencias para inhumacións, exhumacións e traslado dos cadáveres e restos.
- e) A prestación do servizo de conservación, mantemento e limpeza por parte do Concello de Nigrán.

ARTIGO 2. – SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos contribuíntes por esta taxa as persoas físicas ou xurídicas e entidades a que alude o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que resulten beneficiarios dos servizos enumerados no artigo 1 deste texto.

ARTIGO 3. – RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios xunto cos suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes dos servizos, no seu caso.

ARTIGO 4. – BENEFICIOS FISCAIS.

Gozarán da exención total no pagamento dos dereitos regulados na presente ordenanza, os enterramentos nos nichos municipais de persoas mortas que estivesen regulamentariamente inscritas ou acollidas ao Padrón de beneficiencia municipal ou asistencia social, sempre que os gastos de enterro non sexan, legal ou contractualmente, a cargo doutra persoa ou entidade.

ARTIGO 5. – CUOTAS.**A) Concesión por período de 50 anos (renovable até o máximo legal):**

- De filas (4 nichos e 1 cinseiro): 4.515,00 euros.
- De nichos (por unidade): 1.071,00 euros.
- De cinseiros (por unidade): 231,00 euros.

B) Expedición de títulos de concesión de parcelas, panteóns, nichos e cinseiros, así como duplicados dos mesmos: 15,75 euros.

C) Expedición de autorizacións para as transmisións do dereito das concesións, uso ou aproveitamento entre particulares:

- Por herdanza: 21,00 euros.
- Por acto entre vivos: 105,00 euros.

D) Expedición de licencias para inhumacións e exhumacións:

- Inhumacións, unidade: 10,50 euros.
- Exhumacións, unidade: 6,00 euros.

E) Mantemento e limpeza:

- Donos e concesionarios de panteóns, por unidade e ano 10,50 euros.
- Donos e concesionarios de nichos por boca e ano 6,00 euros.

ARTIGO 6. – DEVENGO.

Nace a obriga de contribuír por esta taxa no momento en que se inicia a prestación dos servizos, entendendo a estes efectos que dito inicio se produce coa solicitude dos mesmos, con excepción das taxas a que alude o apartado E) do artigo anterior que se devengan o 1 de xaneiro de cada ano.

ARTIGO 7. INGRESO.

1. – Os suxeitos pasivos efectuarán os ingresos do importe da taxa referida aos servizos sinalados nos epígrafes B), C) e D) do artigo 5 desta ordenanza, nas entidades que indique a recadación municipal, polo procedemento de autoliquidación a realizar en impreso normalizado que facilitará o Concello de Nigrán.

2.—Nos supostos referidos aos epígrafe D) do artigo 5 desta ordenanza e nos supostos de servizos en sábado, domingo ou feirado, o importe da autoliquidación ingresarase no día inmediato seguinte hábil.

3.—Os supostos referidos ao apartado E) do artigo 5 desta ordenanza exaccionaranse por padrón anual.

4.—As liquidacións practicadas polos conceptos de filas e nichos, apartado A) do artigo 5 desta ordenanza, realizaranse nas seguintes catro liquidacións:

1ª Liquidación: no momento da adxudicación:

Por fila (4 nichos e 1 cinseiro): 1.128,75 euros.

Por nicho: 267,75 euros.

2ª Liquidación: na data de comezo das obras:

Por fila (4 nichos e 1 cinseiro): 1.128,75 euros.

Por nicho: 267,75 euros

3ª Liquidación: na data de aprobación da primeira certificación de obra:

Por fila (4 nichos e 1 cinseiro): 1.128,75 euros.

Por nicho: 267,75 euros

4ª Liquidación: na data de recepción da obra:

Por fila (4 nichos e 1 cinseiro): 1.128,75 euros.

Por nicho: 267,75 euros

As liquidacións practicadas en concepto de cinseiros (no caso de que a adxudicación non sexa de toda unha fileira completa) sinalados no apartado A) do artigo 5 desta ordenanza, farase mediante unha única liquidación a ingresar no momento da adxudicación do mesmo: por cada cinseiro 231,00 euros.

En relación coas liquidacións indicadas no apartado 4 deste artigo, rematado o período voluntario de pagamento sen terse efectuado o correspondente ingreso, as contías pendentes executaranse polo procedemento de constrinximento. Malia o indicado, se o adxudicatario renuncia formal e documentalmente á concesión antes do remate do período voluntario de pago, deixarán de executarse as cuotas, quedando ao dispor do Concello os nichos e cinseiros para futuras adxudicacións; se a renuncia fora posterior ao pago de algunha cantidade, o Concello devolverá o 90,00 % do ingresado, con posterioridade á anulación do acordo de adxudicación.

En todo caso, se transcorreran dous meses desde a notificación da providencia de constrinximento de calquera das liquidacións, decaerá o dereito do solicitante á concesión, anulándose o acordo de adxudicación correspondente quedando ao dispor do Concello os nichos e cinseiros para futuras adxudicacións.

ARTIGO 8.—NORMAS ADICIONAIS.

1. As concesións por 50 anos de nichos ou cinseiros unha vez terminado o período da concesión poderán ser renovadas por un novo período de 49 anos.

2. As concesións por 50 anos outorgadas a partir da entrada en vigor desta ordenanza, serán intransmisibles por un período de 10 anos (contados desde o seu outorgamento) salvo que o adxudicatario perda a condición de residente no Municipio de Nigrán.

3. As transmisións das concesións intervivos ou por herdanza entenderanse polo tempo que resta da devandita concesión.

4. Enténdese caducada a concesión na que a súa renovación, previa notificación do Concello, non se solicite nos tres meses seguintes á data de caducidade da concesión.

ARTIGO 9.

1. Prohíbese a inhumación, en nichos obxecto de concesións, de persoas distintas do titular ou de familiares ata o terceiro grado de consanguinidade ou afinidade. Excepcionalmente, por mor de necesidade, apreciadas discrecionalmente pola Alcaldía e previo informe do responsable do servizo, poderá autorizarse a inhumación de persoas distintas das mencionadas, neste caso satisfaceranse dereitos dobres.

2. As exhumacións e traslados verificados antes dos cinco anos satisfacerán dobres dereitos.

ARTIGO 10.

1. Nas exhumacións que se realicen, as lápidas existentes serán retiradas polos propietarios das mesmas no prazo máximo de cinco días naturais. Transcorrido o dito prazo, sen que fosen retiradas, o persoal municipal farase cargo delas para proceder á súa destrución.

2. A conservación, limpeza e ornato de todo xénero será por conta dos donos das mesmas. En caso de notorio abandono e trala cominación con resultado negativo, serán sancionados pola Alcaldía, con multas por desobediencias e feitas de custa destes as necesarias obras de adecentamento. A reincidencia será causa de caducidade da concesión, sen dereito a indemnización.

ARTIGO 11.

Para toda clase de obras (tales como colocación de cruces, obxectos de adorno, etc.) nos cemiterios municipais, solicitarase a correspondente licenza do negociado correspondente e terase en conta o disposto na ordenanza que regula a concesión de licencias para construcións e obras.

ARTIGO 12.

As expedicións de títulos, autorizacións para transmisións da titularidade, renovación das concesións, licencias para inhumacións, exhumacións e traslado de cadáveres, serán expedidas polo servizo por rigorosa orde de presentación de solicitudes.

ARTIGO 13.

Os encargados dos cemiterios esixirán as autorización e xustificacións correspondentes ao servizo de que se trate, a fin de asegurar o cumprimento de tódalas prevencións da presente ordenanza.

ARTIGO 14.

O responsable do servizo levará os rexistros, libros e planos necesarios para coñecer en todo momento o detalle e situación das propiedades municipais, concesións, importe de recadación polos diversos conceptos desta ordenanza e tódolos datos de interese para a boa marcha do servizo.

ARTIGO 15.

O negociado de ingresos da administración financeira visará na marxe as autoliquidacións as que se refire o artigo 7.3 desta ordenanza previamente a que o solicitante realice o ingreso na recadación.

Disposicións finais.

1- No non previsto na presente ordenanza fiscal será de aplicación as disposicións do Regulamento de policía sanitaria mortuoria, Lei xeral tributaria e restante normativa de aplicación.

2- A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.